



CARTA DOS DEREITOS DA MULLER TRABALLADORA

O dereito a un posto de traballo, salario, promoción profesional e un trato sin discriminación constitue unha base insustituible pra que as mulleres logemos rachar ca situación de dependencia a que estamos sometidas.

Hoxe, o acceso a un posto de traballo é unha realidade pra pouco máis da cuarta parte das mulleres españolas en edade de traballar. Pro resto, é decir, pra casi dez millóns de mulleres, a única opción posible é realizar gratuitamente un traballo non recoñecido socialmente, que nos condea ao illamento e a dependencia económica: o de ama de casa.

Aquelas que traballan fora da casa atópanse, así mesmo, con que esto non as exime das suas responsabilidades familiares e domésticas, co cal, na práctica, vense obligadas a facer duas xornadas de traballo. Pero, ademáis, as dificultades pra acceder a determinadas categorías e profesións, a falla de promoción nas empresas, os salarios más baixos, a primacia no despido e a escasez de servicios sociais sumáse o anterior, xenerando deste xeito unha profunda discriminación que coloca a muller nunha situación distinta e inferior a do home, no traballo asalariado, na familia e en todolos ámbitos da toma de decisións.

Por elo, quenes consideramos ca democracia é inviable sen que se transformen as condicións de desigualdade basada no sexo e sin a participación —na mesma medida que o home— de máis da mitade de poboación do noso país que nos constituimos, chamamos a todas las mulleres asalaridas ou non, a os grupos de mulleres, comités de empresa, seccións sindicales, etc., a sumir a defensa destas reivindicacións ante a opinión pública e as instancias gubernamentais, puntos estes que consideramos un primeiro paso, ainda que esencial, pra eliminar a discriminación por sexos: o dereito das mulleres a un posto de traballo e a igualdade laboral.

ELIMINACION DE TODAS AS FORMAS DE DISCRIMINACION LEGAL AINDA EXISTENTES

E preciso que se desenvolven medidas de acción positiva que contribuian a contrarrestar as diferencias en oportunidades entre ambos sexos:

1. **Elaboración de unha lexislación antidiscriminatoria e antisexista**, que non soio supoña a revisión de todalas leises e normas discriminatorias, senón que establezca outras que potencien a revisión de todalas leises e normas discriminatorias, senón que establezca outras que potencien a igualdade entre homes e mulleres. Esta debe contemplar, como mínimo:
 - revisión da lexislación sobre traballo prohibido a muller (penosos, insalubres, peligrosos...) pra dar paso a unha Regulación Xeneral que contemple unha mellora nas condicións de saúde laboral pra ambos sexos;
 - mecanismos xurídicos eficaces e áxiles pra solventar calquer feito discriminatorio, así como a declaración de nulidad, con carácter automático, de aqueles apartados dos Convenios Colectivos que, directa o indirectamente, podan discriminar as mulleres;
 - a prohibición da especificación do sexo nas ofertas de emprego, tanto nas que se fagan a traveso das oficiñas de colocación como as que aparecen na prensa.
2. **Igualdade de prestacións na Seguridade Social**. Dereito da muller a causar pensión de viudedade.
3. **Igualdade salarial efectiva**.
4. **Eliminación das categorías explícita o implícitamente femeninas**.
5. **Cambeo na Lexislación Fiscal**, introducindo, como medida transitoria, unha desgravación no Imposto sobre da Renta no caso de que a muller casada traballe fora do fogar (no suposto de que os seus ingresos sexan adicionaes os do marido) pra tramos de renta media ou baixa. Nun futuro deberá tenderse a considerar o individuo —e non a familia— como unidade fiscal.
6. **Eliminación do concepto “responsabilidades familiares”** (cabeza de familia) no reparto do emprego, das prestacións por desemprego e no emprego comunitario.
7. **Regulación laboral do servicio doméstico**, ca conseguinte equipación progresiva nos dereitos destas traballadoras o resto de colectivos laboraes.

MEDIDAS QUE POTENCIEN A IGUALDADE DE TRATO E OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES

1. **Unha acción exemplificadora pola banda do Estado** en canto o mantenemento de porcentaxes determinados de mulleres en plantillas da Administración, empresas públicas ou sectores que teñen calquer tipo de financiación estatal. Esta acción debe extenderse a os criterios de clasificación e promoción laboral de éstas.

Especificación do sexo en todas as estadísticas laborais (EPA, enquisa de salarios, etc.).
2. **Programas específicos de contratación** para aqueles colectivos de mulleres que tiveron que abandoar —ou non poideron ingresar— no mercado laboral.
3. **Control do emprego clandestino**, protagonizado especialmente por mulleres; paso a formas de contratación legal e integración dentro da negociación colectiva.
4. **Modificación da educación báseca e formación profesional**, para facer desaparecer os aspectos que orientan e limitan o futuro laboral femenino a certas profesións e sectores. Programas específicos de formación profesional para mulleres que queren ingresar —ou reintegrarse dempois de períodos de separación de actividade laboral— o mercado do traballo.
5. **Consideración das responsabilidades familiares como simétricas e compartidas por ambos sexos.** Deben, así mesmo, implantarse medidas que permitan compatibilizar o dereito a traballo ca maternidade/paternidade, en concreto:
 - prohibición do despido durante o embarazo;
 - reingreso automático tras a excedencia por maternidade/paternidade. O período de excedencia será subvencionado pola Facenda Pública en canto a sua contabilización para acumulación dos dereitos sociais (xubilación, seguro de paro, prestacións sanitarias...).
 - regulación de permisos retribuidos —para o pai o a nai— para cuidar a fillos enfermos, eliminando su actual penalización como absentismo inxustificado;
 - cambio do concepto de lactancia polo de cuidado do fillo no seu primeiro ano de vida: unha hora de reducción de xornada para o pai o a nai, que pode ser tomada indistintamente o principio ou remate da xornada.

- 6. Creación pola banda do Estado dos seguintes servicios a colectividade:**
 - garderías, concebidas como centros educativos infantiles con horarios laborales;
 - servicios de asistencia a domicilio para cuidado de enfermos, niños e vellos;
 - centros de información sexual, anticoncepción e asistencia xinecológica en todos los barrios, así como en las zonas rurales, a cargo de la Administración Central, Autonómica o Local, incluyendo campañas informativas;
 - aborto libre, gratuito y a cargo de la Seguridad Social.
- 7. Creación, dentro da administración, dun órgano con participación de sindicatos e movemento feminista** que controle la aplicación de estas medidas y que tenga capacidad de propuestas afirmativas, así como de sanción en los casos de discriminación por razón de sexo. Junto a estas medidas es fundamental que cesen todo tipo de agresiones sexuales a las mujeres. Igualmente, es importante la valoración social del trabajo doméstico y su inclusión en los indicadores económicos que sirven de base a la política económica (PIB, estadísticas de empleo, etcétera).

Pra facer realidade todas estas propostas é imprescindible que se adopten medidas para promover, mediante la información y la educación, una mayor conciencia social del principio de igualdade entre homes e mulleres.

ORGANIZACIONES FIRMANTES DA CARTA:

- Asamblea de Mujeres de Coruña.
- Asamblea de Mujeres de Pontevedra.
- Asociación Galega da Muller de Santiago.
- Asociación Galega da Muller de Ourense.
- Coordinadora Feminista de Vigo.
- Secretaría da Muller de CC.OO. da Coruña